

ACTA NÚM. 4/2022.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 15 DE XUÑO DE 2022.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 15 de xuño de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

- . PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

- . PP:

NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

- . BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asiste: MARÍA FARIÑA BELLÓN.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.04.2022.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.04.2022 AO 10.06.2022.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ELECCIÓN DOS CARGOS DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2022.

7º) DACIÓN DE CONTA DE INFORME-RESUME DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2021.

8º) MOCIÓN.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.04.2022.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 3/2022, do 20.04.2022.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.04.2022 AO 10.06.2022.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000198/2022	13/04/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS MARZO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000199/2022	13/04/2022	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P. E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL.
000200/2022	13/04/2022	SOLICITUDE DE LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000201/2022	18/04/2022	SOLICITANDO INSCRICIÓN DUN ANIMAL NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000202/2022	18/04/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 19/04/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000203/2022	18/04/2022	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA A BOLSA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS.
000204/2022	18/04/2022	CONCESIÓN IV PREMIO LAUDAMUCO 2022.
000205/2022	19/04/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO GES 2021. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
000206/2022	19/04/2022	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 28/2020-D E 29/2020-D.
000207/2022	20/04/2022	DECRETO-EMERXENCIA MUNICIPAL_01-2022.
000208/2022	20/04/2022	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 164.
000209/2022	20/04/2022	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DO RECIBO CON NÚMERO FIXO 253000462409.
000210/2022	20/04/2022	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2022.
000211/2022	21/04/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CATERING DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.
000212/2022	25/04/2022	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXA AUGAS DE GALICIA.
000213/2022	26/04/2022	DECRETO DE RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. ABRIL 2022.
000214/2022	27/04/2022	LISTA DEFINITIVA, NOMEAMENTO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PROBA DE GALEGO DA BOLSA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS.
000215/2022	27/04/2022	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 20/2020-M.
000216/2022	27/04/2022	AMPLIACION SAF DEPENDENCIA EXPTE. 07/2019-D.
000217/2022	27/04/2022	AMPLIACION SAF DEPENDENCIA EXPTE. 03/2022-D.
000218/2022	27/04/2022	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 24/2020-D.
000219/2022	27/04/2022	ALTAS PADRÓN DO LIXO 2022.
000220/2022	27/04/2022	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 22/2020-D.
000221/2022	27/04/2022	DECRETO 2 ALTAS XANTAR (E.U.I. e F.E.B.R.).
000222/2022	28/04/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. ABRIL 2022.
000223/2022	28/04/2022	ACORDO DE INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR TRÁFICO 99500000025553
000224/2022	28/04/2022	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE.08/2022-M.
000225/2022	28/04/2022	RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN.
000226/2022	29/04/2022	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - ABRIL 2022.
000227/2022	29/04/2022	APROBACIÓN PROXECTO CAMIÑO DE IGREXA A SOIGREXA (BASTAVALES) E OUTROS.
000228/2022	02/05/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 03/05/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000229/2022	02/05/2022	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2022.
000230/2022	02/05/2022	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES NO MES DE MAIO DE 2022.



000231/2022	03/05/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/16 CONTRATO.
000232/2022	03/05/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/17.
000233/2022	03/05/2022	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB04/2022 - ABRIL 2022.
000234/2022	04/05/2022	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO.
000235/2022	04/05/2022	BAIXAS PADRÓN DO LIXO ANO 2022.
000236/2022	04/05/2022	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº17.
000237/2022	05/05/2022	LIQUIDACIÓN TAXA RECOLLIDA LIXO.
000238/2022	06/05/2022	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 165.
000239/2022	06/05/2022	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DO RECIBO CON NÚMERO FIXO 253000617859.
000240/2022	06/05/2022	LIQUIDACIÓN TAXAS DE LIXO.
000241/2022	06/05/2022	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBOS DE LIXO.
000242/2022	06/05/2022	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXAS DE LIXO.
000243/2022	09/05/2022	BAIXA SAF EXPTE. 09/2017-M-D.
000244/2022	09/05/2022	DECRETO EMERXENCIA MUNICIPAL 2022_2.
000245/2022	09/05/2022	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 09/2022-M.
000246/2022	10/05/2022	CONTRATO MENOR CICLO DE TEATRO FEGATEATRO BRIÓN
000247/2022	10/05/2022	RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 10.
000248/2022	10/05/2022	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº78
000249/2022	10/05/2022	MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA Nº 03/2022: XERACIÓN DE CRÉDITO APROL RURAL 2022-2023.
000250/2022	10/05/2022	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 11.
000251/2022	11/05/2022	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO AO XULGADO. P.O. 0000062/2022 PRESENTADO POR AQUAFIT GESTIÓN SL
000252/2022	11/05/2022	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MAIO.
000253/2022	11/05/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA ABRIL.
000254/2022	11/05/2022	PERSONACIÓN NO P.O. 0000062/2022.
000255/2022	11/05/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA ABRIL.
000256/2022	12/05/2022	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBO LIXO.
000257/2022	12/05/2022	ALTA TARXETA ESTACIONAMENTO Nº 166.
000258/2022	12/05/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/18 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000259/2022	12/05/2022	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REVISIÓN E MANTEMENTO DE ASCENSORES.
000260/2022	12/05/2022	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2022/23.
000261/2022	13/05/2022	DECRETO OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL 2022.
000262/2022	18/05/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS ABRIL 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000263/2022	19/05/2022	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO - 99500000025790.
000264/2022	20/05/2022	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN ORZAMENTO 2022.
000265/2022	20/05/2022	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617732.
000266/2022	20/05/2022	RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN AS ALTAS NO PADRÓN DO LIXO DO ANO 2022.
000267/2022	20/05/2022	PADRÓN PREVENCIÓN INSERCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2021/2022.
000268/2022	23/05/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 24/05/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000269/2022	23/05/2022	CONCESIÓN DIFIRIMENTO TOMA DE POSESIÓN DO POSTO DE INTERVENCIÓN.
000270/2022	24/05/2022	REDUCIÓN SAF EXPTE. 06/2019-D.
000271/2022	25/05/2022	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2022.
000272/2022	25/05/2022	DECRETO APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE. AMPLIACIÓN DAS REDES ABASTECEMENTO E SANEAMEN LAMIÑO.
000273/2022	25/05/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE. OBRA DE MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA ALDEA DE TOURÍS.
000274/2022	27/05/2022	DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS DA APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA DE MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA ALDEA DE TOURÍS.
000275/2022	27/05/2022	DECRETO DE REINTEGRO DE PARTE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA APROL 2021.
000276/2022	27/05/2022	APROBACIÓN BOLSA DE TRABAJO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS.
000277/2022	27/05/2022	ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2022/23.
000278/2022	30/05/2022	EXECUCIÓN DA ORDE DE CESE DE ACTIVIDADES ACORDADA POR RESOLUCIÓN DE 13.03.2018 2018/G003/000131.

000279/2022	30/05/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/19.
000280/2022	30/05/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/20 CONTRATO.
000281/2022	30/05/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/21 (+3.000).
000282/2022	30/05/2022	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN VIAXE ANDALUCÍA 2022.
000283/2022	30/05/2022	APROBACIÓN 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO ESCOLAS DEPORTIVAS 2020-2021.
000284/2022	30/05/2022	APROBACIÓN 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO ESCOLAS CULTURAIAS 2020-2021.
000285/2022	31/05/2022	PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA 3º TRIMESTRE CURSO 2021-2022.
000286/2022	31/05/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/22 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000287/2022	31/05/2022	CONTRATO MENOR SERVIZO DE MANTENIMENTO DE ZONAS VERDES.
000288/2022	31/05/2022	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2022.
000289/2022	31/05/2022	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2022.
000290/2022	31/05/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA MAIO 2022.
000291/2022	31/05/2022	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/05.22 - MAIO 2022.
000292/2022	31/05/2022	CANON CONTRATO CONCESIÓN SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - MAIO 2022.
000293/2022	01/06/2022	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. Nº 05/2022-D.
000294/2022	01/06/2022	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 04/2022.
000295/2022	02/06/2022	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CREACIÓN DE PARQUE CANINO NO PASEO FLUVIAL DO RÍO PEGO, NA PARROQUIA DOS ÁNXELES.
000296/2022	02/06/2022	AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS DE CUBRICIÓN DE PARQUE INFANTIL NA URBANIZACIÓN INXERIDO, NA PARROQUIA DOS ÁNXELES, NO T.M. DE BRION. DH.W15.85557.
000297/2022	02/06/2022	DECRETO DE APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO LIXO EXERCICIO 2022.
000298/2022	02/06/2022	DECRETO DE CAMBIOS DE TITULARIDADE DO LIXO EXERCICIO 2022.
000299/2022	02/06/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DO REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL - RISGA 2017.
000300/2022	03/06/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN LABORAL POLA SUBSTITUCIÓN DE PERSOAL GES EN PATERNIDADE.
000301/2022	03/06/2022	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE OBRAS PROXECTO CAMIÑO DE IGREXA A SOIGREXA (BASTAVALES) E OUTROS.
000302/2022	03/06/2022	IV PREMIO LAUDAMUCO 2022.
000303/2022	06/06/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 07/06/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000304/2022	06/06/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/24 CONTRATO.
000305/2022	06/06/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/25 (+3.000€).
000306/2022	06/06/2022	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/23.
000307/2022	07/06/2022	APROBACIÓN PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO.
000308/2022	08/06/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS MAIO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000309/2022	08/06/2022	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN LABORAL. APROL RURAL 2022.
000310/2022	07/06/2022	IV CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA ENCONTRO COA ARTE.
000311/2022	09/06/2022	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XUÑO.
000312/2022	09/06/2022	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) O 14/06/2022 ÁS 13:15 HORAS.
000313/2022	09/06/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA MAIO.
000314/2022	09/06/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS DO 14/06/2022 ÁS 13:00 HORAS.
000315/2022	09/06/2022	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MAIO.
000316/2022	09/06/2022	PAGO A XUSTIFICAR ACTIVIDADES MAIORES VERÁN 2022.
000317/2022	10/06/2022	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA ORDENANZA TAXA GARDERÍA.
000318/2022	10/06/2022	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 15/06/2022 ÁS 13:00 HORAS.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14.06.2022, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Con data 17.08.1992 o Concello asinou coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., con CIF: B-15026693, o contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, mediante concesión.

2. O prazo de duración do contrato é de dez (10) anos, prorrogables tacitamente por iguais períodos, agás denuncia por algunha das partes con tres meses de antelación ao vencemento do mesmo. O propio tempo o Concello poderá esixir ao contratista, á finalización do contrato, prórrogas de seis meses de duración e ata un máximo de dúas. (Cláusula XXI do contrato). A duración do contrato iría do 17.08.1992 ao 17.08.2002.

3. O Pleno do Concello en sesión do 03.03.1997 aproba unha primeira prórroga do contrato por un prazo de 10 anos, prórroga que iría do 17.08.2002 ao 17.08.2012.

4. O Pleno do Concello en sesión do 15.02.2001 aproba unha segunda prórroga do contrato por un prazo de 10 anos, prórroga que iría do 17.08.2012 ao 17.08.2022.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar unha primeira prórroga do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, asinado coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato inicial, polo prazo de seis meses que vai do 17.08.2022 ao 17.02.2023.

2º) Notificar este acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ELECCIÓN DOS CARGOS DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 14.06.2022, que transcrita di:

Visto o expediente relativo á elección dos cargos de xuíz de paz titular e substituto deste concello por estar próximo a vencer o período dos catro anos polo que se nomeou aos actuais xuíces de paz titular e substituto deste concello.

Considerando que se publicou o anuncio da convocatoria no BOP do 6 de abril de 2022, no taboleiro de anuncios do concello e remitiuse edicto para a súa publicación e coñecemento ao Xulgado de Paz de Brión e ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Negreira.

Trala mencionada publicidade presentouse o seguinte candidato:

-. José Caramés Vázquez.

Resultando que a persoa presentada é residente no concello, polo que se considera que prestará un servizo de maior eficacia e satisfacción para os veciños, pola súa proximidade.

Resultando que José Caramés Vázquez acredita experiencia no desenvolvemento do posto de xuíz de paz titular, polo que se considera idóneo e reúne os requisitos de capacidade e compatibilidade.

Visto o disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e considerando que a elección, tanto de xuíz titular como de substituto, corresponden ao Pleno do concello, propoño a adopción do seguinte acordo:

- 1º)** Elixir como xuíz de paz titular a José Caramés Vázquez por consideralo unha persoa idónea.
- 2º)** Declarar deserto o posto de xuíz de paz substituto por non se ter presentado ningún interesado.
- 3º)** Propoñer o nomeamento de xuíz de paz titular á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, comunicándolle igualmente que deberá tramitar o expediente para o nomeamento do posto de xuíz de paz substituto.
- 4º)** Facultar á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 14.06.2022, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, de abril de 2021 a abril de 2022, que é do: 8,30 %, polo que a actualización das tarifas será polo: 7,06%.

Visto o expediente tramitado, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 12.08.2013, 11.08.2014, 24.09.2015, 03.08.2016, 16.08.2017, 16.08.2018, 22.08.2019, 11.08.2020 e 16.12.2021, nos seguintes termos:

1.1 -. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

1.2 TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,107384 € / m ³
Servizo de depuración	0,231722 € / m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,107384 € / m ³
Servizo de depuración	0,231722 € / m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	1,073865 €/abo. Mes
Depuración	2,317234 €/abo. Mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,107384 € / m ³
Servizo de depuración	0,231722 € / m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	396,09 €/ud
Zanxa en asfalto	442,14 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	496,73 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2022.

Dada conta da proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 14.06.2022, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministrados e servizos prestados en anos anteriores ao 2022, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada durante os meses de marzo e abril de 2022.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 9 de xuño de 2022, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de CINCO MIL TRINTA E OITO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (5.038,27) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2022/26

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2022/940	31/03/2022	254,10	B70054002	JAVI LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	FRA Nº A 2020066; SUBSTITUCION LUMINARIA SAIME	2022 165 21000
F/2022/941	31/03/2022	262,57	B70054002	JAVI LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	FRA Nº A 2021009; SUBSTITUCION LUMINARIA ONS	2022 165 21000
F/2022/942	31/03/2022	871,20	B70054002	JAVI LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	FRA Nº A 2021047; REPARACION OBRA CTRA BASTAVALIÑOS - CORUXIDO	2022 165 21000
F/2022/943	31/03/2022	165,77	B70054002	JAVI LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	FRA Nº A 2021060; REPARACION SINISTRO O CABO	2022 165 21000
F/2022/944	31/03/2022	689,70	B70054002	JAVI LUZ ELECTRICIDAD, S.L.	FRA Nº A 2021067; RETRANQUEO BEMIL	2022 165 61900
F/2022/1020	06/04/2022	9,72	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137004995253; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A GRAÑA 9701 CC - PERIODO 01.06.2021 A 07.07.2021	2022 920 22100
F/2022/1117	09/04/2022	34,85	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE22137006984087; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A GRAÑA 9701 CC - PERIODO 08.07.2022 A 01.12.2021	2022 920 22100

F/2022/1197	27/04/2022	1.268,42	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321366495546; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9700 (CEIP) - PERIODO 22.05.2021 A 28.06.2021	2022 323 22100
F/2022/1198	27/04/2022	991,64	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321363337677; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 70 ALPUBL - PERIODO 22.05.2021 A 28.06.2021.	2022 165 22100
F/2022/1199	27/04/2022	490,30	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº FE21321360440755; SUBMINISTRO ELECTRICO PS BALADO 9907 ALPUBL - PERIODO 01.04.2021 A 30.06.2021	2022 165 22100
TOTAL		5.038,27				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DE INFORME-RESUME DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2021.

Dada conta do informe sinalado, asinado pola interventora en data 25.04.2022, e remitido con anterioridade ao Ministerio de Facenda, no que se sinalan as seguintes deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción:

As conclusións e recomendacións sinaladas no apartado III poñen de manifesto as seguintes deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción elaborado polo Presidente da Corporación:

1º) Levar a cabo unha oportuna previsión e planificación que permita efectuar, en todo gasto, a súa correspondente proposta de gasto e iniciar os trámites para a contratación polo procedemento adecuado conforme a Lei 9/2017 desas prestacións e, se non son suficientes os medios persoais e técnicos, especialmente en contratos de maior complexidade técnica sería moi conveniente poder contar coa asistencia doutras administracións superiores.

2º) Elaborar un plan estratéxico de subvencións para unha adecuada planificación e xestión das mesmas.

O Pleno queda enterado.

8º) MOCIÓN.

Non se presentou ningunha.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

9.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Sobre a limpeza nas urbanizacións do concello.

Durante este último mes foron numerosas as queixas, reunións, e preguntas sobre o estado de mantemento dos xardíns das zonas comunitarias das urbanizacións, especialmente no Montebalado. As excusas e argumentos que oímos por parte do goberno municipal e concretamente por parte do alcalde foron diversas sen coñecer realmente a día de hoxe cal é a situación real deste tema. Solicitamos por parte deste grupo, e despois de tamén reunións con entidades de veciños, das cales vostede xa é coñecedor, cal é a versión do goberno sobre diferentes cuestións:

- En que situación quedan finalmente as partes correspondentes aos veciños en canto ao mantemento e limpeza?
- Sabe exactamente o concello que partes son comunitarias e cales son públicas?
- Quen vai ser o encargado da limpeza como se fixo ata agora?
- Vai haber unha licitación pública do servizo de mantemento e limpeza ou vaise seguir facendo con medios propios? En caso de ser así queremos (unha vez máis sexa un acto público para os outros grupos).
- Porqué se escolleu este momento para deixar de prestar un servizo á veciñanza que durante máis de 20 anos si que o tivo?
- O servizo de mantemento que ata agora se fixo con cartos públicos non era o correcto ou si que o era?

Responde o Sr. Alcalde que coa nova normativa non podemos contratar persoal laboral temporal como se facía antes, polo que puxémonos a traballar nun proxecto para o mantemento das zonas verdes e os técnicos municipais me din que esas zonas non son municipais, son zonas comúns das urbanizacións, algúns teñen incluso axardinado; nós temos que atermos á lei e como vai tardar en facerse se fixo un contrato menor para tres meses, e se está intentando chegar a todas as zonas do concello, non hai máis explicación, e chamouse ás xestorías que levan a administración e llo explicamos, debaixo dos xardíns hai prazas de garaxe.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que hai que cumprir as leis que para iso están, eu o que digo é que era un servizo que tiñan os veciños, que se lles prestaba, no que se permitiu limpar as zonas comunitarias e pregunta, tedes ben delimitado o público do privado?, sinalando o Sr. Alcalde que si, está perfectamente delimitado nos planos; e remata o Sr. Concelleiro que durante vinte anos co mesmo alcalde deuse un servizo que hoxe deixou de prestar.

O Sr. Alcalde sinala que a problemática ven de atrás, non é municipal, e as xestorías déuselles un prazo para que alegasen, podemos escoitar alternativas, pero dentro da legalidade.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non estamos a dicir que cometades ningunha ilegalidade, se lles estaba prestando un servizo e agora non, e o concello ten que darlle unha solución, a que sexa, nós pedimos que se busque unha solución legal e senón hai que explicarllo aos veciños e non esperar a que o BNG convoque unha xuntanza.

O Sr. Alcalde sinala que iso o di vostede, tamén din que se fixo o contrato menor nun día.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o que se faga sexa informando aos veciños.

2. Sobre a situación do parque do Tremo.

Tal e como xa lle comentamos persoalmente ao Sr. Alcalde, varios veciños achegáronse a nós para preguntarnos sobre "posibles comentarios" de que o Hotel Balneario do Tremo ten a intención de utilizar a parte privada correspondente ao carón do parque do Tremo para poder

valorar a construción dun aparcadoiro. Xa nos comentaron que a data de hai tres semanas non existía solicitude ningunha para poder comezar as obras de ningún tipo.

Entendemos que máis aló da solicitude de obra poden haber movementos e estar todo en fase de proxecto. Solicitamos do equipo de goberno coñecer de primeira man cal é a situación actual, se mudou algo dende a última conversación e se sabe dalgún proxecto máis aló, insistimos, das cuestións técnicas ou de permisos. Como sempre insistimos, é primordial que o concello informe previamente aos veciños de calquera novidade que poida afectar a súa contorna física ou social. Non sempre hai que agardar porque o BNG convoque unha xuntanza para que o concello a convoque. Quen goberna son vostedes.

O Sr. Alcalde responde que volvo a repetir que non hai ningunha solicitude a día de hoxe, de momento non temos constancia de que se fixese algunha solicitude e se houbera diríavolo antes.

3. Sobre accesos a pistas e limpeza na aldea de Pazos en Ons.

Algún veciño achegouse preguntando pola limpeza e mantemento de determinadas pistas desta aldea. Realizando a visita oportuna comprobamos que é certo que algúns camiños públicos están sendo ocupados por material doutros veciños e mesmo que nalgún treito precisa de limpeza e poda dalgúns arbores que se meten dentro do camiño (por parte do veciño en cuestión).

Solicitamos do concello se revise a situación destes camiños e en todo caso, se corresponde, se fale cos veciños afectados por esta situación. Algún queixase de que hai preto dun ano fixo a queixa no concello e aínda non tivo resposta.

Responde o Sr. Alcalde que houbo unha queixa, que eu pasei onte por Pazos e se pasa perfectamente como no resto do concello, non vin nada que me chamara a atención, pero vos agradezo a vosa colaboración.

4. A voltas co patrimonio.

Esta última semana por desgraza tivemos a noticia doutro espolio do noso patrimonio nesta ocasión no Pazo de Casal. E xa van non sabemos cantas. Sabemos que o concello non é propietario da maioría do patrimonio en perigo, máis si é responsable de facer un traballo de comunicación, instancia e aviso e en todo caso de desenvolver políticas de preservación do patrimonio que é de todos pola vía legal que considere. O concello de Brión sigue a encabezar dúas listas vermellas de abandono patrimonial, tanto a elaborada por Hispania Nostra como a de Patrimonio Galego. Curiosamente unha das construcións afectadas era o Pazo do Casal, xa irnos tarde. Insistimos de novo na urxencia en figuras patrimoniais como San Fins, San Clemente, Trasouteiro e nas mámoas de Rañalonga, entre moito e moito mais a protexer e valorar.

Sabendo como sabemos que ultimamente o goberno esta máis preocupado polo patrimonio, benvinda sexa, cales son as medidas que están previstas a adoptar para protexer o que é de todos?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez responde que no caso do roubo no Pazo do Casal cando fomos coñecedores a policía local chamou á propietaria que estaba fora e comprometeuse a presentar a denuncia, pero non sabemos se o fixo, é privado, e os de patrimonio da Xunta dixeron que dentro das nosas competencias podemos inventariar estes bens, que xa están no PXOM, e non podemos facer máis porque son bens privados, e finalmente sinalar que estamos cun grupo de traballo con rapaces tamén para ir concienciando sobre a necesidade de protexer o patrimonio.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que hai concellos que actúan de distintas maneiras, por exemplo vía convenio co propietario para facilitar limpeza e acceso público, pensamos que hai que actuar con máis decisión.

A Sr^a. Concelleiro Cebal Gómez sinala que agradecemos as súas aportacións.

O Sr. Alcalde sinala que somos un concello moi pequeno, que nestes temas debe intervir á Deputación.

5. A situación da policía municipal.

Como a información nunca flúe de dentro ata afora, volvemos traer a pregunta simplemente para coñecer cal é a situación da incorporación de máis persoal como policía municipal entendo, e supoño que todos estamos de acordo, que é totalmente inviable, inasumible e intolerable (para comezar persoal e laboralmente para a persoa única que ten que levar todo o concello) que só teñamos un policía nun concello de 8.000 hbs. Hai algunha novidade? Que se está a facer dende o goberno?

A Srª. Concelleira Cebal Gómez sinala que as dúas prazas libres forman parte da oferta pública de emprego de 2022 que ten que aprobarse no primeiro semestre de 2022, e a selección delegouse, como sabe vostede, na Academia Galega de Seguridade, e parece ser que van facer un proceso en setembro.

O Sr. Alcalde sinala que respecto dos auxiliares de policía local estamos traballando niso.

9.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Sendo coñecedores da existencia dos accidentes que están a ocorrer na estrada que une Bertamiráns con Rois ao paso por Brión, solicítase que, de ser posible, se intenten poñer as medidas de seguridade viaria que se estimen oportunas para que se reduza a velocidade na mesma, sobre todo nos lugares onde existe núcleo de casas e accesos peonís.

Responde o Sr. Alcalde que esa estrada é propiedade da Xunta de Galicia, e que o punto negro do concello é a rotonda de abaixo, hai un ano ían vir os da Xunta pero nada, teño solicitada unha reunión coa Xunta e espero que nos fagan algo de caso.

2. Cando se ten previsto a limpeza das cunetas das aldeas do concello e zonas comúns ou pertencentes ao concello na zona das urbanizacións?.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que xa está contestada coa explicación anteriormente dada pola alcaldía neste pleno.

3. Desde que se reparou o firme da estrada de San Salvador a Osebe (Bastavales), dirección Rois, coa instalación no mesmo de badéns, moito do tráfico de vehículos pesados que accede a esta estrada para acceder á fábrica que existe no termo municipal, ou ben de Rois ou doutras zonas, por motivos que se descoñecen atallan pola aldea de Casuxa e saen a Chave de Ponte, somos coñecedores das queixas desta aldea debido ás molestias que se causan. Solicítase que se tomen as medidas que se consideren.

Responde o Sr. Alcalde que imos limitar a velocidade a 3.500 kg, agás residentes, porque hai algún veciño residente alí que ten camiión, e non se lle pode prexudicar.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González